

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026194	CEIP Plurilingüe A Fraga	As Pontes de García Rodríguez	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	8
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12
o) Outros apartados	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O propósito do CEIP A FRAGA é formar persoas nos ámbitos intelectual, moral e cívico, que sexan capaces de incorporarse con garantías nas seguintes etapas de formación e no medio social no que viven, baseándose nunha aprendizaxe significativa e individualizada, potenciando a autoestima, educando para a tolerancia e a solidariedade. No currículo estableceuse que os obxectivos da etapa son os logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa e cuxa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

A Educación Infantil contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinaria. As competencias que debemos desenvolver son as seguintes:

- Competencia en Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM). - Competencia plurilingüe (CP)
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencias cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de ensino, aprendizaxe e avaliación e dos métodos pedagóxicos que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O GRAO DE CONSECUCCIÓN

No Informe de cualificación do/a alumno/a marcaranse cos seguintes indicadores a consecución de cada competencia.

NOTABLE/SOBRESAINTE

O alumno/a desenvolveu cun nivel alto a competencia avaliada en relación ao curso no que se atopa.

BEN

O alumno/a desenvolveu satisfactoriamente a competencia avaliada en relación ao curso no que se atopa.

SUFICIENTE

Significa que o alumno/a acada o nivel mínimo no grao de desenvolvemento da competencia, pero debería mellorar as súas deficiencias nalgúns dos elementos co proceso normal do ciclo ou curso.

INSUFICIENTE

Significa que o alumno/a non acadou o grao de desenvolvemento da competencia e ten dificultades para progresar na súa adquisición. Indica que o progreso do alumno é bastante lento e que probablemente necesita medidas específicas de apoio educativo

No caso de alumnos/as que teñan elaborada unha adaptación curricular significativa (ACS), o grao de consecución das competencias será avaliado en función dos obxectivos que figuran na propia ACS en vez dos do curso correspondente.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Algúns dos elementos transversais trátanse sempre dentro do currículo, outros son elaborados como complemento á programación.

Son temas de moita actualidade na nosa sociedade e de gran importancia que deben tratarse.

EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

O día a día dentro da escola sendo o lugar de encontro de persoas moi diferentes que forman unha comunidade fai que sexa o lugar idóneo para traballar en primeira persoa as actitudes básicas e necesarias para unha convivencia en democracia, libre solidaria e participativa, no que se promova a IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES, preparándoos para a vida futura e mellor inserción social.

Por outro lado, dende o centro promóvese a resolución pacífica de conflitos a través de programas de habilidades sociais promovidas dende o equipo de orientación. Tamén Intentamos modificar hábitos discriminatorios por sexo e procuraremos actividades e tarefas cooperativas asignando responsabilidades dentro do grupo por igual. Participamos en actividades de coeducación que nos oferta o concello por nivel tratando temas como emocións, discriminación por sexo, ...

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

O alumnado, así como a sociedade en xeral, vivimos un exceso publicitario que inflúe no noso modo de vida. Por isto, dende o centro educativo debemos instrumentalizar actividades que outorguen no posible criterios para o uso adecuado desta información. Dende o centro facemos especial fincapé en estes temas en épocas como: samaín (compras compulsivas), Nadal, día do consumidor. Aquí tamén temos en conta a COMUNICACIÓN AUDIVISUAL xa que o vídeo converteuse recentemente nunha ferramenta indispensable para a realización de diferentes tarefas:

intercambio de información, felicitacións, estudar, contactamos cos demais e compartimos novas experiencias, aprendemos a utilizar novas ferramentas... Está claro que a conexión ben establecida co noso día a día convérteo nun recurso que debemos ter en conta e que deberá quedar incluído dentro da nosa acción diaria.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Promovendo unha alimentación axeitada (sobre todo nas merendas que traen ao centro que en Ed Infantil e 2o de Ed Primaria están pautadas) e participación en programas como Subministración de froitas frescas, castañas e leite líquido. Dende o centro fomentamos o exercicio físico para promover unha boa calidade de vida. Ademais das actividades habituais, todos os días temos o momento de 10 minutos onde saímos a camiñar e os venres a bailar.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Intentamos ensinar a coidar o espazo natural como algo realmente noso, cunha actitude respectuosa por todo o relacionado co medio natural.

Na escola temos a horta escolar donde plantamos diferentes vexetais tanto dentro dun invernadoiro como fora. Son os propios alumnos/as que realizan os traballos guiados por mestres e pais/nais que coñecen a materia.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

Traballamos a resolución de conflitos, tanto dentro da titoría como nas actividades plantexadas polo equipo de orientación incluídas nos talleres de habilidades sociais.

- A COMPRESIÓN LECTORA:

Saber comprender é un dos grandes obxectivos que debe acadar o alumnado na etapa de EP. No noso centro, todos os días á volta do recreo temos un momento de lectura, ben individual nos lectores autónomos, ben grupal nos cursos máis baixos, ou o conto da mestra na etapa de infantil.

- EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA:

É outro dos principais obxectivos que se deben acadar ao finalizar a etapa de Primaria. Ademais esta expresión, e tendo en conta que temos dúas linguas cooficiais, deben acadarse tanto en castelán como en galego e para elo, tamén traballaremos actividades que axuden a coñecer a cultura galega, sobre todo en momentos como o Samaín, Magosto, Nadal, Letras Galegas...

AS TECNOLOXÍAS E COMPETENCIA DIXITAL tamén é un aspecto no que escola é a porta cara o futuro, e debe ir en consonancia coas novas esixencias formativas da sociedade. Estas serán empregadas de forma transversal nas diferentes áreas.

ESPÍRITO EMPRENDEDOR

O alumnado afianzará o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico desde idades temperás.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

O noso centro pretende ser un centro de referencia pola calidade do seu ensino, ofertando unha formación integral baseada en principios humanos e metodolóxicos que dean resposta ás demandas da sociedade para as etapas educativas de Educación Infantil e Educación Primaria.

O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades das alumnas e alumnos recollido como fin da educación implica atención sobre cinco ámbitos: a mente, o corpo, a identidade, o emocional e o social.

Máis que establecer unha liña metodolóxica estrita e ríxida, poucas veces alcanzable, procuramos o equilibrio e a complementariedade de métodos diversos, buscando puntos de encontro en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas e baseados na experimentación e o xogo en educación infantil e en Primaria será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

VALORES PROPIOS DO CENTRO

Do ámbito da mente: A INTELIXENCIA.

Que definimos como a aptitude dunha persoa para adaptarse a unha situación, para escoller uns medios de acción en función das circunstancias.

É a calidade de quen manifesta en calquera ámbito da actividade humana unha preocupación por comprender, reflexionar e coñecer, denotando esta actitude no seu comportamento.

Do ámbito do corpo: A VITALIDADE.

Que definimos como estar dotada/o de gran impulso para vivir, desenvolverse e actuar. A vitalidade é a forza expresiva do corpo.

Do ámbito do social: A SOLIDARIEDADE.

Que definimos como a capacidade que vincula a cada persoa coas demais, tomando conciencia de dereitos e obrigas baseados nunhas necesidades comúns. É un valor afín á xustiza.

Do ámbito da identidade: A AUTONOMÍA.

Que consiste na capacidade de darse a si mesmos as leis que van a gobernar a propia vida, ter criterio propio e

sentido crítico. Capacidade de se gobernar polos propios medios.

Do ámbito do emocional: A AUTOESTIMA.

Que definimos como a capacidade que ten a persoa de sentir aprecio por si mesma, aceptándose tal e como é, con todo o que iso implica.

Todo isto dentro dunha aprendizaxe global que busca a integración do maior número de aspectos posibles recollidos dentro dos diferentes núcleos de contidos, relacionando coñecementos, procedementos e actitudes.

No noso traballo diario utilizaremos os modelos metodolóxicos que consideremos mellores para adquirir os nosos obxectivos. Entre estes modelos temos:

- Discurso de experiencias.
- Discurso expositivo.
- Obradoiros.
- Aprendizaxe cooperativo.
- Traballo por proxectos
- Traballo por tarefas.

Como principios metodolóxicos teremos en conta:

- Motivación
- Cooperación
- Colaboración Participación.
- Actividade e experimentación
- Personalización.
- Inclusión.
- Interacción.
- Significatividade.
- Funcionalidade.
- Globalización.
- Avaliación formativa.
- DUA

O punto de partida da aprendizaxe dos/as alumnos/as son primeiro os coñecementos previos.

- Búscanse tarefas que captan a motivación do alumnado e facilitan así a aprendizaxe.
- Tense en conta que os nenos/as aprendan de distintas formas e a ritmos diferentes polo que flexibilizaremos as tarefas de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar.
 - Considerarase o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe, dándolle así ao alumnado confianza en si mesmo

Cabe destacar que a acción docente que se leva a cabo no centro é o resultado dunha coordinación permanente co profesorado, cas familias, cun contacto directo co departamento de orientación, co IES Castro da Uz ao que estamos adscritos, co fin de lograr un desenvolvemento do proceso educativo e que exista unha liña de traballo en común. Levaremos a cabo unha serie de medidas curriculares, así como diversas vías de comunicación que faciliten a transición dunha etapa á outra.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O noso obxectivo é crear un entorno educativo no seu conxunto, con organización de espazos e dotación de recursos tanto para o alumnado como para o profesorado, coa finalidade de crear un espazo ideal e servir de axuda no en todo o proceso educativo.

Neste apartado expoñemos principalmente a selección dos materiais e recursos empregados tanto na Educación Infantil como na Educación Primaria.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,... sinalar aquí que os libros de texto empregados no centro son informados previamente á Administración Educativa.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, gafas e materiais de digicraft.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación

segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de psicomotricidade, aula de música, así como os diversos espazos da contorna.

Estos recursos deben servir para:

- Proporcionar información,
- Guiar as aprendizaxes,
- Entrenar habilidades,
- Crear e expresarse
- Motivar e tamén serven para avaliar coñecementos e habilidades

Propios EN EDUCACIÓN INFANTIL

• Nas aulas contaremos sempre cun recanto adicado ao proxecto do trimestre onde o alumnado, axudado polas familias poderán aportar información e materiais diversos relacionado co proxectos. O alumnado terá á súa disposición este recanto ao longo do trimestre.

• Por semana o alumnado acude á aula de informática para realizar actividades relacionadas propias do desenvolvemento dixital.

Criterios a ter en conta:

- Que sexa seguro (Non perigoso).
- Resistente e duradeiro.
- Fácil de manexar.
- Finalidade pedagóxica.
- Atractivos.
- Polivalente.
- Que convide a experimentar

Propios en EDUCACIÓN PRIMARIA:

• Nas aulas de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria, contamos cun recuncho de ordenador para uso diario do alumnado. A maiores teñen horario na aula de informática ou a posibilidade de levar a aula á aula.

• Nas aula de 5º e 6º de Educación Primaria cada alumno/a conta co seu propio ordenador.

Criterios a ter en conta:

- Encádrase con coherencia no deseño curricular.
- Cobre os obxectivos do currículo para o nivel.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento e maduración dos alumnos e alumnas.
- A progresión é adecuada.
- Integra dunha forma plena a presenza dos temas transversais.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Esperta a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
- Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
- Permiten a atención á diversidade.
- As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
- A linguaxe está adaptado ao nivel.
- O aspecto xeral dos materiais resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico. Evidentemente calquera materia, a nivel xeral, ten que cumprir cos seguintes criterios:

- Que non sexa discriminatorio
- Que sexan apropiados para o alumnado ao que vai dirixido.
- Que cumpran con normas de seguridade.

- Resistentes e duradeiros.
- Atractivos
- Favorecedores do desenvolvemento das capacidades das distintas áreas e competencias.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

As familias poden optar por materias específicas como é Relixión ou a desenvolvemento do Proxecto Competencial para Educación Primaria ou Atención Educativa en Educación Infantil.

Ademais o alumnado de Educación Infantil participa no proxecto de plurinfantil unha vez á semana e o alumnado de Primaria descubre a plástica impartida en lingua inglesa de 1º a 6º de Educación Primaria.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Para selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado temos en conta que ditas actividades deberán estar relacionadas con:

- Cos contidos de cada unha das áreas das diferentes etapas
- O establecido nas conmemoracións a traballar que figuran no calendario escolar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

De este xeito buscamos:

1. Coñecer tradicións e costumes populares de forma próxima.
2. Promover bos hábitos relacionados coa saúde.
3. Concienciar aos alumnos/as da importancia de coidar o medio ambiente.
4. Achegar ao alumnado ao concepto de comunidade.
5. Implicar a toda a comunidade na realización dunha tarefa común.
6. Proporcionar información a toda a comunidade educativa sobre as actividades do equipo así como das ofertas e novidades ofrecidas por diferentes empresas.
7. Fomentar a creatividade, a fantasía e a participación dos alumnos/as.
8. Favorecer a convivencia, a solidariedade e o espírito de traballo en equipo.
9. Coñecer e empregar diferentes medios para a comunicación e a expresión de feitos e ideas.
10. Traballar con diferentes dinámicas de grupo as emocións.
11. Fomentar o uso da biblioteca por parte de todos os membros da comunidade escolar.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Segundo o punto 4 do artigo 48 da orde ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo que será arquivado polo Departamento de Orientación, no que consten os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- Titor/a
- Curso
- Necesidade de reforzo ou recuperación nas áreas de:
- Dificultades que presenta o alumno/a:
- Aspectos que precisan ser reforzados:
- Plan de traballo:
 - 1º trimestre
 - 2º trimestre

3º trimestre
Avaliación trimestral

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Documento elaborado seguindo as directrices da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

Informes

- Ao finalizar os cursos segundo e cuarto de primaria o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

- Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa de educación primaria dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

- No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar

- No resto de cursos, primeiro, terceiro e quinto de primaria, o profesorado titor emitirá un breve informe sobre cada alumno/a por se no seguinte curso académico non continuase no centro educativo.

No plan específico de reforzo figurarán os seguintes datos:

Identificación da alumna ou do alumno:

- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- Titor/a
- Curso que repite:
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso:
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior:

Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado:

- A elaboración dos horarios do alumnado.
- A asignación de titorías.
- O agrupamento do alumnado.
- A distribución das aulas, das unidades e/ou dos espazos.

Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno

Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión:

- Deseño universal de aprendizaxe
- Traballo colaborativo
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación
- Adaptación de tempos de avaliación.
- Adaptación de instrumentos e procedementos de avaliación.
- Adaptación na forma de comunicación.
- Verificación da comprensión das tarefas.
- O profesorado informou ao alumno/a sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparando o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

Aulas de atención educativa e convivencia

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

Programas de enriquecemento curricular

Programas de habilidades e competencias sociais
Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan
De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
Acreditación da información á familia.
Anexo Revisión do plan trimestralmente.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A avaliación na etapa de Educación Infantil farase tendo en conta o establecido no Decreto 150/2022 polo que establece o currículo desta etapa. Os criterios de avaliación son os referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe. Nese sentido, actúan como unha ponte de conexión entre os contidos e os obxectivos da área, polo que son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, e describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado de Educación Primaria levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación que se recollen ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

- A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa.

-Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

-Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

-Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.

-Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Criterios decididos polo claustro de profesores para establecer a cualificación da avaliación ordinaria:

-1º e 2º de primaria

Linguas: a avaliación será continua, é dicir, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior.

Matemáticas: a avaliación será continua, é dicir, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior.

Ciencias Sociais e Naturais: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

Musica e danza: a nota da avaliación ordinaria será a media (das porcentaxes indicadas na programación) das avaliacións anteriores.

Educación física: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

Relixión : a nota da avaliación ordinaria será continua, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior.

Proxecto Competencial: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

3º e 4º de primaria

Linguas: a avaliación será continua, é dicir, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior.

Matemáticas: a avaliación será continua, é dicir, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior.

Ciencias Sociais e Naturais: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

Musica e danza: a nota da avaliación ordinaria será a media (das porcentaxes indicadas na programación) das avaliacións anteriores.

Educación física: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

Relixión : a nota da avaliación ordinaria será continua, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior.

Proxecto Competencial: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

5º de primaria

En todas as materias a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores excepto en Relixión que será continua.

6º Primaria

Linguas: a avaliación será continua, é dicir, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior.

Matemáticas: a avaliación será continua, é dicir, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior.

Ciencias Sociais e Naturais: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

Musica e danza: a nota da avaliación ordinaria será a media (das porcentaxes indicadas na programación) das avaliacións anteriores. Educación física: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

Relixión : a nota da avaliación ordinaria será continua, a nota da avaliación ordinaria non pode ser inferior á anterior. Proxecto Competencial: a nota da avaliación ordinaria será a media das avaliacións anteriores.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN ACORDADOS POLO CLAUSTRO

EDUCACIÓN INFANTIL

Ao finalizar cada un dos trimestres realizarase unha avaliación parcial, e a valoración do proceso de aprendizaxe recollerá os progresos efectuados polas alumnas e os alumnos e expresarase cos seguintes termos cualitativos: sen dificultade (SD), en proceso (EP) ou con dificultade (CD).

Todo o alumnado ao remate de 6º de Educación Infantil, agás o alumnado que polas súas características, deben permanecer un ano máis no ciclo.

Flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización nesta etapa:

Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

O alumnado accederá ao curso ou etapa seguinte cando se considere que logrou os obxectivos que corresponden ao seu curso e que acadou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área ou ámbito con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

Ao finalizar cada un dos trimestres realizarase unha avaliación parcial.: Os resultados da avaliación das áreas expresaranse nos termos de IN(1, 2, 3 ou 4) / SU (5) / BE(6) / NT (7, 8) / SB (9, 10). Os resultados da avaliación de competencias clave expresaranse nos mesmos termos.

Será na avaliación final cando se tome a decisión pola promoción do alumnado. Terase en conta o disposto na Orde do 26 de maio de 2023. Deste xeito, seguindo o artigo 24 de dita orde, ao finalizar os cursos 2º, 4º e 6º da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente adoptará a decisión sobre a promoción de cada alumna ou alumno. A promoción no resto dos cursos (1º, 3º, e 5º) será automática. Dita decisión será tomada de forma colexiada, igual que o referente a avaliación das competencias clave e todo o que incida no proceso educativo do alumnado, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

A titora ou o titor elaborará un informe final de ciclo, ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, no cal se reflectirá o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno e, de ser o caso, as medidas que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte. Ademais, á finalización da etapa, co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, a persoa titora elaborará un informe final de etapa sobre a evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave de cada alumna ou alumno.

Atención ás diferenzas individuais na avaliación da etapa de Educación Primaria

O centro aplicará as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

Flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización nesta etapa:

Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa. Unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo nunha unidade de educación especial ou nun centro de educación especial, non podendo permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano

natural en que finaliza o curso escolar.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Non se aplica nas etapas ofertadas polo centro

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Cada docente do CEIP A FRAGA elaborará a principio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións didácticas das áreas que imparte. A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, os acordos tomados por parte do claustro e as instrucións de Inspección educativa.

Os coordinadores/as de ciclo revisarán que se cumplan os aspectos recollidos no punto 9 da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se regula a avaliación en educación Primaria que son:

a) O disposto no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, e na normativa que o desenvolve. b) O disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos. c) O dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva. d) As decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro. e) A información recollida no seguimento da programación e na memoria final do curso anterior.

Todo o profesorado empregará a aplicación PROENS.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Axudan a conseguir unha mellor convivencia.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Contribúen a unha mellora na capacitación dixital como imprescindible na nosa sociedade e xeradora de igualdade e de inclusión.
 - Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.
- Axudan a crear hábitos saudables.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

Cabe destacar que axustaremos sempre o seu contido ás modificacións lexislativas que podan xurdir.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.

o) Outros apartados

1. Informe individual dos reforzos educativos (RE)

Documento elaborado seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

Terán figurar os seguintes puntos:

Nome e apelidos

Data de nacemento

Titor/a

Curso

Por cada área ou materia en que a alumna ou o alumno recibiu RE: (1. Área ou materia;; 2. Datos do profesorado da área ou materia;; 3. Datos do reforzo educativo;;

DATA DE COMEZO DO RE: _____ DATA DE REMATE DO RE: _____

a) Cal foi o motivo?

b) En que consistían as medidas desenvolvidas?

c) Con que frecuencia se presentaban? (temporalización)

d) Cando as realizaba o alumno/a?

e) Quen lle axudaba? (profesorado con dispoñibilidade horaria)

f) Como se avaliaban?

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE:

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE: